

DULCE M<sup>a</sup> GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de xaneiro de 2023 aprobou a modificación do *Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC*, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V<sup>o</sup> e Prace do sr. reitor.

V<sup>o</sup> e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

O Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de maio de 2019, recolle no seu anexo II, entre outros, a relación de *Responsables Académicos noutras entidades*.

Tendo en conta o informe da Xerencia da Fundación Rof Codina no que se propón recoñecerlle á dirección do Centro de Biomedicina e Veterinaria (CEBIOVET) unha redución docente equiparada á da dirección do Centro de Biomedicina Experimental (CEBEGA), o Consello de Goberno na súa sesión de 26 de xaneiro de 2023, acorda:

Único.

Modificar o Anexo II do Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribucións de cargos e responsables académicos na USC, incluíndo entre os *RESPONSABLES ACADÉMICOS NOUTRAS ENTIDADES* a dirección do Centro de Biomedicina e Veterinaria (CEBIOVET), coa asignación dunha redución docente de 90 horas/curso (R4). O complemento económico será establecido e financiado pola Fundación Rof Codina.

Disposición derradeira.

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Santiago de Compostela.

## Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/02/2023 19:28:15.

**Asinante/Firmante/Signer:** DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/02/2023 18:31:57.

**CSV:** EE34-8C56-4918-AB24